

A familia Añón Suárez, propietaria do grupo siderúrxico Hierros Añón, recibe o XVIII Premio Familia Empresaria de Galicia

- Manuel Añón Rey, presidente do grupo familiar Ferros Añón, recolleu o galardón nun acto celebrado hoxe no Hotel Monumento San Francisco de Santiago de Compostela.
- A Asociación Galega da Empresa Familiar (AGEF) reconece con este premio, no que colabora CaixaBank, a internacionalización e crecemento desta compañía galega, que se converteu no primeiro grupo familiar europeo líder na distribución de aceiro.

19 novembro de 2024.- A familia Añón Suárez, fundadora e propietaria do grupo distribuidor de produtos siderúrxicos Hierros Añón, recibiu hoxe o Premio Familia Empresaria de Galicia, que concede anualmente a Asociación Galega da Empresa Familiar (AGEF).

Manuel Añón Rey, presidente do grupo familiar Hierros Añón, recolleu o galardón durante un acto institucional celebrado no Hotel Monumento San Francisco de Santiago baixo o lema “Unidos pola tradición, impulsados pola innovación”, e no que participaron o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, o presidente de AGEF, José Bernardo Silveira, e o director territorial Norte de CaixaBank, Juan Pedro Badiola. Ao acto asistiron máis dun centenar de empresarios, autoridades e representantes da sociedade galega.

Con este Premio Familia Empresaria de Galicia, que este ano cumpre a súa XVIII edición e conta co apoio de CaixaBank, AGEF reconece a proxección internacional dun grupo galego que, desde un taller familiar de ferralla en Galicia, erixiu un conglomerado industrial líder na distribución de aceiro en Europa, con operacións en todo o mundo.

Durante a súa intervención, o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, comentou que “este é un recoñecemento merecido para un grupo empresarial de éxito, un magnífico exemplo de como se pode crecer aos poucos, con sentidiño, sen esquecer as raíces e a esencia galega, e mantendo sempre a proximidade coa xente que traballa contigo”.

Pola súa banda, o presidente de AGEF, José Bernardo Silveira, eloxiou tamén a traxectoria da familia premiada, “caracterizada por aquilo que precisamente nos define como organización: o arraigamento territorial, o carácter familiar e a capacidade de innovación”.

Manuel Añón Rey, presidente de Hierros Añón, dedicou durante o seu discurso unhas palabras á súa muller e fillos, destacando a importancia que para o éxito ten manter o legado familiar, a relación cos traballadores e os equipos, e un espírito innovador. “É unha gran honra para nós recibir este Premio de AGEF – manifestou, visiblemente emocionado-, á que agradecemos o seu importante apoio ao longo de toda a traxectoria do grupo”.

Pola súa banda, Juan Pedro Badiola, director territorial Norte de CaixaBank, puxo en valor a traxectoria do grupo Hierros Añón e destacou o papel das empresas familiares na economía galega. “Sodes o motor que move a economía e o principal empregador no sector privado. Desempeñades un rol crave na estabilidade e o benestar da sociedade de Galicia”, concluíu.

Previamente ao acto de entrega do Premio, o xornalista e aventureiro Salvador Álvaro impartiu unha conferencia motivacional co título “Liderazgo ao fío do imposible”. Na súa charla, Álvaro explicou na súa charla que tardou once anos en tecer un equipo co que podía ir ao cabo do mundo. “Aprendemos dos mestres e tratamos de facelo mellor. Que mellor definición para unha empresa familiar?, engadiu.

Premio Familia Empresaria

O premio Familia Empresaria, outorgado pola Asociación Galega da Empresa Familiar, distingue con carácter anual desde 2005 a traxectoria empresarial e o arraigamento en Galicia das empresas de propiedade familiar da comunidade. As familias Fernández Álvarez-Santullano (grupo biofarmacéutico Zendal), Pérez Canle (Aceites Abril) e Castro Romero (Servicio Móvil) foron as familias premiadas no últimas tres edicións.

Sobre Hierros Añón

A familia Añón foi pioneira en Galicia nos anos 60 ao introducir o corrugado e o seu proceso de transformación a ferralla. Mantendo a súa estrutura familiar e o seu arraigamento á comunidade galega, o grupo foi diversificando, evolucionando a súa xestión e adaptándose a modelos industriais máis modernos, ata converterse, mediante adquisicións e por vía orgánica, nun conglomerado siderúrxico internacional cunha facturación próxima aos 1.500 M€ e un persoal de 2.500 empregados.

Sobre AGEF

A Asociación Galega da Empresa Familiar (AGEF) é a principal asociación de empresas con raíces, sede social e vocación de permanencia en Galicia, integrada na actualidade por 62 compañías. O seu propósito é promover o desenvolvemento e crecemento das empresas familiares na nosa comunidade, defendendo os seus dereitos e intereses e apoiando iniciativas que as fagan máis competitivas, co obxecto de favorecer o incremento da prosperidade e calidade de vida de Galicia.

Pé de foto 1.- De izq. a dcha: José Bernardo Silveira, Manuel Añón Rey, Alfonso Rueda e Juan Pedro Badiola.

Pé de foto 2.- Manuel Añón Rey, durante a súa intervención.